



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Asunto:	Liquidación do orzamento do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2025
Expediente:	435-143
Servizo xestor:	Contabilidade e orzamentos
Modalidade de control:	Control financeiro permanente non planificable

Informe de Intervención

Remitida á Intervención Xeral polo Sr. concelleiro delegado de orzamentos e Facenda o expediente relativo ao asunto referido ao obxecto da emisión do preceptivo informe de conformidade co previsto nos artigos 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, esta intervención emite o seguinte

Informe:

1.- Lexislación aplicable.

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 191 a 193.
- Regulamento Orzamentario (R.P.), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (B.O.E. número 101, de 27 de abril, corrección de erros no B.O.E. número 136, de 7 de xuño de 1990), artigos 89 a 105.
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Instrución do Modelo Normal de Contabilidade para a Administración Local, aprobada pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda 4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.

INFORME DE INTERVENCIÓN
LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ANO 2025

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 1 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL)
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.

2. Carácter do informe.

O apartado 1 do artigo 4 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece que o control interno da xestión económico-financeira e orzamentaria exercerase nos termos establecidos na normativa que desenvolve o artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e comprenderá:

a) A función interventora.

b) O control financeiro nas modalidades de función de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. O exercicio do control financeiro incluírá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como: (...) 4.º A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do orzamento.

Pola súa beira, conforme ao disposto no artigo 35 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local o resultado das actuacións de control permanente documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.



Copia do documento - Concello de Vigo

435-143

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 2 de 27

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

En consecuencia o informe da Intervención xeral resulta preceptivo, e como resultado do control permanente emitirase un informe escrito no que se expoñerán os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control, así como, de ser o caso, as deficiencias observadas.

3. Confección e aprobación da liquidación.

De conformidade co previsto no artigo 191 do TRLHL, a liquidación dos orzamentos debe confeccionarse referíndose aos dereitos recadados e ás obrigacións pagadas o 31 de decembro do ano natural do exercicio económico correspondente. Os dereitos liquidados pendentes de cobro e as obrigacións recoñecidas pendentes de pago a data 31 de decembro quedarán a cargo de tesourería, aparecendo recollidos no remanente de tesourería, magnitude á que se fará mención nun apartado posterior do presente informe.

A aprobación da liquidación dos orzamentos é competencia do Presidente, previo informe de Intervención (artigo 192.2 TRLFL), do que se dará conta, unha vez aprobada a liquidación, ao Pleno do Concello (art. 90.2 do RD 500/1990), na primeira sesión que celebre tras a súa aprobación.

Deberase remitir copia da liquidación do orzamento e do seu expediente de aprobación, tanto á Comunidade Autónoma como ao centro ou Dependencia do Ministerio de Economía e Facenda que este determine (artigo 91 do RD 500/90).

4. Contido da liquidación.

O estado da Liquidación figura dentro do conxunto de Contas e Estados que conforman a Conta Xeral e que se deben formar ao terminar cada exercicio económico. A Liquidación non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado de xestión económica, limitada estritamente ao orzamento e a un exercicio económico determinado. A aprobación da Conta Xeral en ningún caso implica a aprobación da Liquidación do orzamento que ten que producirse obrigatoriamente antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte e con carácter previo á aprobación daquela.

Segundo a Instrución de contabilidade para a administración local o Estado da Liquidación do orzamento estrutúrase en 3 partes:

- Primeira: Liquidación do orzamento de gastos.
- Segunda: Liquidación do orzamento de ingresos.
- Terceira: Resultado orzamentario.

De acordo co disposto no artigo 93 do Real Decreto 500/90, a Liquidación deberá poñer de manifesto:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 3 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

- Orzamento de Gastos: (para cada aplicación orzamentaria): Créditos iniciais, modificacións e créditos definitivos, gastos autorizados e comprometidos, obrigacións recoñecidas, pagos ordenados e os pagos realizados.
- Orzamento de Ingresos: (para cada concepto): Previsións iniciais, modificacións e previsións definitivas, dereitos recoñecidos e anulados, e dereitos recadados.
- Determinación dos dereitos pendentes de cobro e obrigacións pendentes de pago ao 31 de decembro.
- Determinación do resultado orzamentario do exercicio.
- Determinación dos remanentes de crédito.
- Determinación do remanente de tesourería.

Liquidación do orzamento de gastos (cadro comparativo 2021-2025).

De conformidade co recollido nos documentos contables e orzamentarios unidos ao presente expediente, a liquidación do orzamento de gastos do Concello de Vigo do exercicio ofrece o seguinte resumo a nivel agregado:

RESUMO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	EXERCICIO				
	2025	2024	2023	2022	2021
Créditos orzamentarios iniciais (1)	328.596.005,87	311.230.875,66	289.004.051,57	282.791.225,33	262.245.240,42
(+/-) Modificacións orzamentarias (2)	98.084.309,22	76.752.846,50	113.488.999,69	128.654.574,82	90.564.919,90
Créditos orzamentarios definitivos (3) = (1+2)	426.680.315,09	387.983.722,16	402.493.051,26	411.445.800,15	352.810.160,32
Obrigas recoñecidas netas (4)	290.406.185,30	306.274.392,60	296.627.890,80	270.795.812,52	245.323.004,84
Pagos (5)	282.647.985,08	297.328.748,54	287.889.432,19	264.892.694,61	233.687.255,72
Obrigas pendentes de pago (6) = (4-5)	7.758.200,22	8.945.644,06	8.738.458,61	5.903.117,91	11.635.749,12
Remanentes de crédito (7) = (3-4)	136.274.129,79	81.709.329,56	105.865.160,46	140.649.987,63	107.487.155,48
% Execución (8) = (4/3)	68,06 %	78,94 %	73,70 %	65,82 %	69,53 %
% Realización de pagos (9) = (5/4)	97,33 %	97,08 %	97,05 %	97,82 %	95,26 %



Copia do documento - Concello de Vigo

435-143

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 4 de 27

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Intervención Xeral

Tfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

Á vista dos datos deste cadro, observamos que en termos relativos executouse (entendendo como gasto executado aquel que chegase á fase de obriga recoñecida, xa que esta fase é a que supón a necesidade de acreditar previamente a realización da prestación ou o dereito do acredor), o 68,06% dos créditos definitivos do presuposto do exercicio, porcentaxe inferior ao dos exercicios precedentes (2024: 78,94%; 2023: 72,31%; 2022: 65,82%; 2021: 69,53%; 2020: 68,74%; 2019: 83,83%; 2018: 82,83%).

Pola súa beira, os pagos realizados alcanzaron o 97,33% das obrigas recoñecidas, continuando a liña ascendente dos elevados porcentaxes de pago dos exercicios precedentes (2019: 94,90%; 2020: 96,82%; 2021: 95,26%; 2022: 97,82%; 2023: 97,05%; 2024:97,08%).

Resumida por capítulos, a liquidación do orzamento de gastos foi a seguinte:

Capítulos de Gasto	Crédito inicial	Modificación	Crédito definitivo	Obligaciones reconocidas	% ejecución	Pagos líquidos	Pendientes de pagar	Remanentes de créditos
OPERACIONES CORRIENTES								
1 GASTOS DE PERSOAL.	79.176.245,70	-2.892.343,04	76.283.902,66	62.283.118,52	81,65 %	62.283.118,52	0,00	14.000.784,14
2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS.	162.765.405,69	12.690.709,97	175.456.115,66	155.018.247,38	88,35 %	151.210.892,12	3.807.355,26	20.437.868,28
3 GASTOS FINANCIEROS.	50.530,00	404.000,00	454.530,00	446.261,19	98,18 %	446.194,25	66,94	8.268,81
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	40.995.350,46	3.707.840,42	44.703.190,88	42.548.386,47	95,18 %	40.080.576,73	2.467.809,74	2.154.804,41
5 FONDO DE CONTINXENCIA	600.000,00	0,00	600.000,00	0,00	0,00 %	0,00	0,00	600.000,00
Total OPERACIONES CORRIENTES	283.587.531,85	13.910.207,35	297.497.739,20	260.296.013,56	87,50 %	254.020.781,62	6.275.231,94	37.201.725,64
OPERACIONES DE CAPITAL								
6 INVERSIONS REAIS.	43379030,02	79.301.708,32	122.680.738,34	28.790.214,56	23,47 %	27.967.076,70	823.137,86	93.890.523,78
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.	1.129.444,00	372.393,55	1.501.837,55	1.025.357,18	68,27 %	365.526,76	659.830,42	476.480,37
Total OPERACIONES DE CAPITAL	44.508.474,02	79.674.101,87	124.182.575,89	29.815.571,74	24,01 %	28.332.603,46	1.482.968,28	94.367.004,15
OPERACIONES FINANCIERAS								



Copia do documento - Concello de Vigo

435-143

Data impresión: 22/02/2026 19:17

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Páxina 5 de 27

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

	CONCELLO DE VIGO Intervención Xeral Tfn. 986 810 130 ofi.intervencion@vigo.org
---	--

8 ACTIVOS FINANCIEROS.	500000	4.500.000,00	5.000.000,00	294.600,00	5,89 %	294.600,00	0,00	4.705.400,00
Total OPERACIONES FINANCIERAS	500.000,00	4.500.000,00	5.000.000,00	294.600,00	5,89 %	294.600,00	0,00	4.705.400,00
Total GASTOS	328.596.005,87	98.084.309,22	426.680.315,09	290.406.185,30	68,06 %	282.647.985,08	7.758.200,22	136.274.129,79

Liquidación do orzamento de ingresos.

O resumo da liquidación do orzamento de ingresos do exercicio ten o seguinte detalle a nivel agregado:

RESUMO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	EXERCICIO				
	2025	2024	2023	2022	2021
Previsións iniciais (1)	328.596.005,87	311.230.875,66	289.004.051,57	282.791.225,33	262.245.240,42
(+/-) Modificacións (2)	98.084.309,22	76.752.846,50	113.488.999,69	128.654.574,82	90.564.919,90
Previsións definitivas (3) = (1+2)	426.680.315,09	387.983.722,16	402.493.051,26	411.445.800,15	352.810.160,32
Modificacións financiadas con RT (4)	86.988.105,91	64.964.424,17	104.758.120,57	118.184.823,60	81.589.499,72
Previsións definitivas axustadas sen RT (5) = (3-4)	339.692.209,18	323.019.297,99	297.734.930,69	293.260.976,55	271.220.660,60
Dereitos recoñecidos netos DRN (6)	333.510.826,11	346.693.131,93	294.052.404,45	292.527.085,01	272.408.223,45
Recadación neta (7)	322.515.123,31	335.645.911,35	282.292.410,92	280.848.111,08	257.400.437,30
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro (8) = (6-7)	10.995.702,80	11.047.220,58	11.759.993,53	11.678.973,93	15.007.786,15
Exceso (+) / defecto (-) de dereitos recoñecidos (9) = (6-5)	-6.181.383,07	23.673.833,94	-3.682.526,24	-733.891,54	1.187.562,85
% Execución (10) = (6/5)	98,18 %	107,33 %	98,76 %	99,75 %	100,44 %
% Recadación (11) = (7/6)	96,70 %	96,81 %	96,00 %	96,01 %	94,49 %



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 6 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Intervención Xeral

Tfn. 986 810 130

ofi.intervencion@vigo.org

Para avaliar correctamente a execución do orzamento de ingresos faise necesario previamente minorar do importe total das previsións definitivas o importe das modificacións financiadas co remanente de tesourería, xa que de acordo co disposto no artigo 104.5 do Real Decreto 500/1990, o emprego do RT como recurso para financiar modificacións de crédito non dará lugar non ao recoñecemento nin á liquidación de dereitos orzamentarios –xa que os dereitos que forman parte RT xa foron recoñecidos en exercicios anteriores-. Por tal motivo, tendo en conta que segundo os estados contables incorporados á liquidación, o remanente de tesourería figura nas previsións definitivas das aplicacións orzamentarias 87000 e 87010 por un importe total de 86.988.105,91 euros, calculamos o importe das “Previsións definitivas axustadas sen RT” como o resultado de minorar as previsións definitivas polo citado importe.

Da análise de execución de ingresos despréndese que se executou (entendendo ingreso executado aquel que alcanzase a fase de dereitos recoñecidos) o 98,18% das previsións definitivas (axustadas) do orzamento do exercicio. A execución alcanzou no exercicio 2025 un importe inferior en 6,1 millóns de euros ao das previsións de ingreso definitivas no citado exercicio, notoriamente inferior en termos porcentuais ao do exercicio precedente (2024: 107,33%), se ben en liña coa execución dos exercicios anteriores (2021: 100,44%; 2022: 99,75%; 2023: 98,76%), o que supuxo unha diminución dos DRN de máis de 13 millóns de euros con respecto ao exercicio 2024, se ben folgadoamente superior aos dos exercicios anteriores a 2024.

Pola súa beira, a recadación alcanzou o 96,70% dos ingresos liquidados, porcentaxe practicamente idéntica ao dos exercicios anteriores (2019: 89,78%; 2020: 93,35%; 2021: 94,49; 2022: 96,01%; 2023: 96,00%; 2024: 96,81%).

Resumida por capítulos, a liquidación do orzamento de ingresos foi a seguinte:

Capítulos de Ingreso	Previsión Inicial	Modificación	Previsión Definitiva	Derechos reconocidos totales	%	Recaudación neta	%	Derechos Pendientes de cobro a 31/12
1 Impuestos directos.	123.381.301,49	0,00	123.381.301,49	124.241.115,75	100,70 %	118.850.799,57	95,66 %	5.390.316,18
2 Impuestos indirectos.	11.620.105,44	0,00	11.620.105,44	13.138.082,29	113,06 %	12.943.359,99	98,52 %	194.722,30
3 Tasas, precios públicos y otros ingresos.	46.054.040,02	129.927,09	46.183.967,11	49.147.982,55	106,42 %	44.467.235,77	90,48 %	4.680.746,78
4 Transferencia corrientes.	123.650.270,81	5.966.276,22	129.616.547,03	126.557.027,29	97,64 %	126.557.027,29	100,00 %	0,00
5 Ingresos patrimoniales.	5.404.000,00	0,00	5.404.000,00	5.083.878,92	94,08 %	4.563.161,38	89,76 %	520.717,54
7 Transferencias de capital.	17.986.288,11	5.000.000,00	22.986.288,11	15.048.139,31	65,47 %	15.048.139,31	100,00 %	0,00
8 Activos financieros.	500.000,00	86.988.105,91	87.488.105,91	294.600,00	0,34 %	85.400,00	28,99 %	209.200,00



Copia do documento - Concello de Vigo

435-143

Data impresión: 22/02/2026 19:17

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Páxina 7 de 27

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

	CONCELLO DE VIGO Intervención Xeral Tfn. 986 810 130 ofi.intervencion@vigo.org
---	---

Total ingresos	328.596.005,87	98.084.309,22	426.680.315,09	333.510.826,11	78,16 %	322.515.123,31	96,70 %	10.995.702,80
----------------	----------------	---------------	----------------	----------------	---------	----------------	---------	---------------

Modificacións orzamentarias.

A variación entre os estados iniciais e definitivos é importante, sendo superior á do exercicio precedente, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representan un 29,85% na Entidade Local principal con respecto aos créditos iniciais, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 98,08 millóns de euros.

A modificación máis salientable foi a incorporación dos remanentes de crédito non executados procedentes do exercicio 2024 por un importe total de 21,2 millóns de euros, así como os créditos extraordinarios e suplementos de crédito tramitados durante o exercicio financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais que ascenderon a 65,74 millóns de euros.

Institución	Créditos Extraord.	Suplementos de Crédito	Ampliacións de Crédito	Transferencias		Incorporacións Remanentes	Xeracións de créditos	Baixas por anulación	Total
				Positivas	Negativas				
Entidade Local	54.589.532,11	11.152.700,00	0,00	11.396.835,25	11.396.835,25	21.245.873,80	11.096.203,31	0,00	98.084.309,22

Á vista do anterior cabe concluír, moi resumidamente, dado que o presente informe non ten por obxecto avaliar cuestións de oportunidade, senón de legalidade, o seguinte:

Gastos:

En termos relativos, no exercicio orzamentario 2025 a execución alcanzou o 68,06%, que supón unha importante minoración con respecto ao exercicio 2024 (78,94%), se ben en liña coa execución dos exercicios 2023 e anteriores (2023: 73,70%; 2022: 65,82%; 2021: 69,53%) asentada fundamentalmente no maior gasto do capítulo II e IV e, en menor medida, tamén do capítulo VI.

En termos absolutos as obrigas recoñecidas ascenderon a 290,4 millóns de euros, fronte aos 306,27 do ano 2024, o que supuxo unha minoración de uns 15,9 millóns no importe do gasto executado. Esta redución do gasto centrouse fundamentalmente no capítulo VI "Investimentos reais", que pasou dun gasto executado de 39,17 millóns no ano 2024 a 28,79 millóns no 2025 (-26,5%).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 8 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Por outra parte o gasto do capítulo I “Gastos de persoal” foi de 62,28 millóns, importe que supuxo un incremento dun 1,47% co respecto ao de 2024 (+0,9 millóns). É de destacar que este importe mantense cun lixeiro incremento dende o do ano 2019, debido fundamentalmente, tanto ao elevado número de vacantes e demora na execución das ofertas de emprego público, como a externalización de determinados servizos que viñan prestando funcionarios públicos municipais.

Doutra banda, é de destacar a práctica inexistencia de gastos financeiros no Concello de Vigo debido ao non endebedamento do Concello de Vigo coas entidades financeiras, así como, fundamentalmente, á amortización extraordinaria de débeda realizada no exercicio 2016.

Tamén hai que destacar o elevado importe dos créditos definitivos do capítulo VI do estado de gastos (122,68 millóns de euros) fronte ao importe dos créditos iniciais (43,37 millóns de euros), debido á tramitación no citado capítulo de modificacións orzamentarias por un importe superior aos 79 millóns de euros. Esta importante variación nos créditos débese, entre outros motivos, á incorporación dos remanentes de créditos non executados do exercicio anterior así como a aprobación de créditos extraordinarios e suplementos de crédito financiados co RTGX. Neste sentido, hai que ter en conta que no caso dos gastos financiados con recursos afectados, os créditos non executados ao longo do exercicio 2025, isto é, os remanentes de crédito, deberán incorporarse obrigatoriamente aos créditos do orzamento do exercicio 2026, salvo que se desista de realizar o gasto.

O Fondo de continxencia para imprevistos, dotado inicialmente con 600.000 euros, unha vez máis non foi utilizado.

Ingresos:

En termos porcentuais destacan os bos resultados de xestión obtidos en todos os capítulos de ingresos correntes, cunha execución (DR netos) superior ao 100% dos créditos iniciais en todos eles, salvo no capítulo V “Ingresos patrimoniais”, o que fala dunha orzamentación prudente ou contida. No caso singular dos capítulos 2 (Impostos indirectos) e 3 (Taxas, prezos públicos e outros ingresos), a porcentaxe (DRN / PREV. DEF.) supera o 113% e o 106% respectivamente.

Hai que destacar tamén que dende o ano 2010 en todos os exercicios o capítulo I foi executado nunha porcentaxe superior ao 100%.

Non ocorreu o mesmo no caso do capítulo II (Impostos Indirectos), xa que no ano 2011 a execución foi do 92,09 e no 2013 unicamente chegou ao 64,42%, froito das dificultades de prever os ingresos derivados da imposición indirecta nun contexto de crise económica particularmente vinculada ao sector inmobiliario. No ano 2024 os DRN no capítulo II alcanzaron o 118% das previsións orzamentarias definitivas, e no 2025 o 113%, supoñendo unha mellora substancial con respecto á execución do exercicio 2023, que foi do 94%.

No caso dos ingresos de capital non financeiro, no capítulo VII, representativo das Transferencias de capital recibidas, recoñecéronse dereitos e ingresos por importe de 15 millóns fronte aos 27,2 do exercicio anterior, se ben trátase dun capítulo de evolución asimétrica na medida que depende da execución dos proxectos financiados con ingresos procedentes doutras Administracións Públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 9 de 27

435-143

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

No caso do capítulo VIII de ingresos “Activos financeiros”, a baixa porcentaxe de execución é consecuencia de que as previsións definitivas deste capítulo inclúe as modificacións do orzamento de ingresos que son consecuencia da utilización do remanente de tesourería, concepto este que como xa é sabido, non dá lugar a ningún recoñecemento de dereitos. Doutro xeito, a execución do citado capítulo alcanzaría o 59% recollendo unicamente as operacións derivadas dos reintegros dos anticipos dos préstamos concedidos ao persoal.

No seu conxunto, os Dereitos Recoñecidos Netos (DRN) no ano 2025 experimentaron unha minoración de 13,32 millóns de euros con respecto aos DRN no ano 2024 (-3,84% en termos relativos), supoñendo unha consolidación da recuperación dos ingresos tendenciais (fundamentalmente os de carácter tributario), rota no exercicio 2020 como consecuencia da crise do COVID-19.

Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.

CAPÍTULO	EXERCICIO CORRENTE				EXERCICIOS PECHADOS			
	ENTIDADE LOCAL		ESTADOS CONSOLIDADOS		ENTIDADE LOCAL		ESTADOS CONSOLIDADOS	
	D.R. PENDENTES	O.R. PENDENTES	D.R. PENDENTES	O.R. PENDENTES	D.R. PENDENTES	O.R. PENDENTES	D.R. PENDENTES	O.R. PENDENTES
1	5.390.316,18	0,00	5.390.316,18	0,00	22.015.029,12	3,00	22.015.029,12	23,00
2	194.722,30	3.807.355,26	194.722,30	3.924.333,92	492.269,07	85,66	492.269,07	131,86
3	4.680.746,78	66,94	4.692.823,22	66,94	15.893.935,19	6,64	17.294.829,57	6,64
4	0,00	2.467.809,74	0,00	2.467.809,74	247.357,55	1.764,42	247.357,55	1.764,42
5	520.717,54	0,00	520.717,54	0,00	567.712,68	0,00	567.712,68	0,00
6	0,00	823.137,86	0,00	1.044.840,02	0,00	0,00	20.138,38	47.242,20
7	0,00	659.830,42	0,00	744.576,93	683.470,06	0,00	885.969,75	5.185,00
8	0,00	0,00	0,00	0,00	94.406,98	0,00	101.406,98	0,00
9	209.200,00	0,00	218.325,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	10.995.702,80	7.758.200,22	11.016.904,24	8.181.627,55	39.994.180,65	1.859,72	41.624.713,10	54.353,12



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 10 de 27

435-143

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

No que se refire aos saldos de acredores por operacións orzamentarias do exercicio corrente por importe de 8,18 millóns de euros, a súa contía débese ás ordes de pagamento que se expiden a finais do ano e que por este motivo non é posible pagar con anterioridade ao 31 de decembro do exercicio por cuestións estritamente de tramitación administrativa, non sendo un problema de liquidez.

5. Resultado Orzamentario do exercicio.

O Resultado Orzamentario (en adiante RP) regúlase nos artigos 96 a 97 do RD 500/90, do 20 de abril, e nas regras 78, 79 e 80 da ICAL modelo Normal. Cuantitativamente vén determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigacións recoñecidas durante o mesmo período (valores netos). Representa unha magnitude de relación global dos gastos e os ingresos, de maneira que poderemos analizar en que medida éstos traducíronse en recursos para financiar a actividade municipal, referida a un exercicio económico concreto. Ao RP haberá que realizarlle os axustes aos que se refire o artigo 97 do RD 500/90:

Axuste 1.- Créditos gastados correspondentes ás modificacións orzamentarias financiadas co Remanente de Tesourería.

Segundo os datos achegados polo responsable de contabilidade (trámite 37), no exercicio 2025, o importe total de obrigacións recoñecidas (OR) que se financiaron con remanente de tesourería para gastos xerais (recurso financeiro procedente da acumulación de resultados positivos de exercicios anteriores), ascende á cantidade de **11.974.888,83 euros**, o que supón aumentar o resultado orzamentario neste importe.

A razón deste axuste radica en que para o caso das obrigacións recoñecidas e financiadas con remanente de tesourería, este non se liquida nin recoñece no exercicio que é obxecto de liquidación, non formando parte, por tanto, dos dereitos recoñecidos e si, en cambio, aparecen contabilizadas no devandito exercicio as obrigacións recoñecidas financiadas co mesmo.

Axuste 2. As desviacións derivadas dos gastos con financiamento afectado.

O Resultado Orzamentario do exercicio axustarase en aumento polo importe das desviacións de financiamento negativas do exercicio, e en diminución polo importe das desviacións de financiamento positivas do exercicio calculadas de acordo co establecido na propia ICAL.

Naqueles supostos nos que no Proxecto de Gastos apréciase que o axente financiador adianta o diñeiro antes de que se execute a obra, investimento ou proxecto afectado, entón aparecen desviacións positivas de financiamento que minoran o resultado orzamentario, como consecuencia de que se está poñendo de manifesto un exceso de recursos afectados contabilizados no ano pero que, financeiramente, amparan obrigacións non recoñecidas no exercicio corrente, senón outras que se esixirán con cargo a orzamentos posteriores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 11 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Na documentación que conforma a liquidación do orzamento incorpórase no trámite 39 o documento relativo ás desviacións de financiamento positivas e negativas, tanto as do exercicio, que son as que afectan o Resultado Orzamentario, como as acumuladas ao 31 de decembro de 2025 que, como veremos, serán necesarias para calcular o Remanente de Tesourería dispoñible para o financiamento de Gastos Xerais. Compróbase que o Resultado Orzamentario do exercicio 2025 axústase polo importe das desviacións do exercicio que figuran no citado documento, restando o importe das desviacións positivas e sumando o importe das desviacións negativas.

Non pode comprobarse a exactitude e veracidade no cálculo do importe das desviacións de financiamento, xa que tal comprobación require do exame individualizado da documentación incorporada a cada un dos proxectos de gasto e a citada documentación non se atopa incorporada no expediente da liquidación, se ben tal actuación de control poderá se realizada no ámbito do control financeiro, se a mesma se inclúe no correspondente Plan Anual de Control Financeiro.

Así as cousas, o Resultado Orzamentario do exercicio 2025 presenta o seguinte detalle.

RESULTADO ORZAMENTARIO		CONCELLO DE VIGO
1	Dereitos recoñecidos netos (+)	333.510.826,11
2	Obrigacións recoñecidas netas (-)	290.406.185,30
3	Resultado orzamentario sen axustes (1-2)	43.104.640,81
4	Desviacións positivas de financiamento (-)	21.565.457,56
5	Desviacións negativas de financiamento (+)	13.394.216,42
6	Gastos financiados con RTGX (+)	11.974.888,83
7	Total Axustes (6+5-4)	3.803.647,69
8	Resultado Orzamentario axustado (3+7)	46.908.288,50

A cifra que arroxa o RP axustado do exercicio 2025 é moi elevado, xa que os ingresos orzamentarios liquidados foron moi superiores ás obrigacións liquidadas no citado exercicio, calculados uns e outras en termos netos.

6. Remanentes de Créditos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 12 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Conforme ao disposto no art. 98 do RD 500/1990 os remanentes de crédito están constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados o cumprimento de obrigacións recoñecidas.

Integrarán os remanentes de crédito os seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións, é dicir, a diferenza entre os gastos dispostos ou comprometidos e as obrigacións recoñecidas.
- b) Os saldos de autorizacións, é dicir, as diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito, é dicir, a suma dos créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de utilizar.

Da documentación incorporada ao expediente polo responsable de contabilidade e orzamentos (trámite 29) dedúcense as seguintes magnitudes a nivel agregado para o Concello de Vigo:

Saldos de disposicións (1)	33.144.722,83
Saldos de autorizacións (2)	2.851.553,38
Saldos de crédito (3)	100.277.853,58
Remanentes de crédito (4) = (1+2+3)	136.274.129,79
Remanentes de crédito comprometidos (5) = (1)	33.144.722,83
Remanentes de crédito non comprometidos (6) = (4-5)	103.129.406,96

Para maior detalle pode consultarse o estado “Remanentes de crédito” incorporado no trámite 29 do expediente, no que se detallan os remanentes de crédito para cada una das aplicacións orzamentarias do estado de gastos.

Conforme dispón o artigo 175 do TRLRFL, como regra xeral, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas, isto é, os remanentes de créditos ou créditos non executados, quedarán anulados de pleno dereito. Non obstante, o artigo 182 da citada lei dispón que poderán incorporarse aos correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, sempre que existan para iso os suficientes recursos financeiros, os seguintes créditos:

- Os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, así como as transferencias de crédito, que fosen concedidos ou autorizados, respectivamente, no último trimestre do exercicio.
- Os créditos que amparen os compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores (fase D).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 13 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

- Os créditos por operacións de capital.
- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados.

Os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario ao que a incorporación se acorde. Agora ben, os créditos que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente sen limitación en canto ao número de exercicios, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto.

7. Remanente de Tesourería.

Coa liquidación do orzamento é necesario calcular o Remanente de Tesourería (RT), magnitude de carácter orzamentario que reflicte un recurso para financiar gasto, se é positivo, e un déficit para financiar, se é negativo a data 31 de decembro do exercicio.

Neste Remanente de Tesourería Total deberán distinguirse dúas partes:

a) O Remanente de Tesourería destinado a financiar a incorporación de remanentes de crédito correspondentes a gastos con financiamento afectado (exceso de financiamento afectado ou RTGFA): Está constituído pola suma das desviacións de financiamento positivas que, nos devanditos gastos, e para cada unha das aplicacións do orzamento de Ingresos que os financian, prodúzanse desde o inicio do gasto ata o fin do exercicio que se liquida, é dicir, a desviación acumulada positiva para cada axente financiador dentro do proxecto.

Como temos visto con anterioridade, $RTGFA = \sum Df (+)$ 31/12/2025

Compróbase que o Remanente Afectado do exercicio 2025 coincide coa suma do importe das desviacións acumuladas positivas e parciais que figuran no documento anexo no trámite 39 do expediente denominado desviacións de financiamento. Non pode comprobarse a exactitude do importe das desviacións de financiamento, xa que tal comprobación requiriría do exame individualizado da documentación incorporada a cada un dos proxectos de gasto e a citada documentación non se atopa incorporada no expediente da liquidación, se ben tal actuación de control poderá se realizada no ámbito do control financeiro, se a mesma se inclúe no correspondente Plan Anual de Control Financeiro.

b) O Remanente de Tesourería para gastos xerais (RTGX): Obtense por diferenza entre o RTT e o Exceso de Financiamento ou RTGFA. Este superávit, pódese destinar a completar, no seu caso, o financiamento da incorporación de remanentes de crédito correspondentes aos GFA e o exceso, no seu caso, supón un recurso para o financiamento de modificacións de crédito dos exercicios seguintes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 14 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

O RTGX axustado reflicte a situación financeira real na que se atopa a entidade a curto prazo.

Cuantificación do Remanente de Tesourería:

O Remanente de Tesourería regulado polo artigo 191.2 do TRLRFL, artigos 101 a 104 do R.P. e Regras 81 a 86 da Orde de EHA/4041/2004, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, calcularase segundo os seguintes compoñentes da contabilidade xeral:

- a) Fondos líquidos de Tesourería a fin de exercicio: Saldos das contas que integra o subgrupo 57, Regra 84 da IMNCL (contas 570, 571, 573, 574.1, 575.1, 575.9, 577 e 578).
- b) Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio, Regra 85 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local:
- De orzamento Corrente, conformados polos saldos das divisionarias da conta 430.
 - De orzamento Pechados, conformados polos saldos das divisionarias da conta 431.
 - De dereitos pendentes de saldos de debedores non orzamentarios, conformados polas seguintes contas: 260, Fianzas constituídas a longo prazo, 265, Depósitos constituídos a longo prazo, 440, Debedores por IVA repercutido, 442, Debedores por servizos de recadación, 449, Outros debedores non orzamentarios, 470, 471, correspondentes a saldos debedores con Administracións Públicas, 472, Facenda Pública por IVE soportado, 565 e 566, Fianzas e Depósitos constituídos a curto prazo saldo debedor e o saldo debedor da conta 456.

Minorados con:

- Ingresos pendentes de aplicación: conta 554 e 559, tendo en conta as súas divisionarias.
- c) Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio, Regra 86 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local:
- Pendentes de pagamento de exercicio corrente, conta 400.
 - Pendentes de pagamento de exercicios anteriores, conta 401.
 - De saldos de contas de acredores non orzamentarios: Conta 180 e 185, Fianzas e Depósitos recibidos a longo prazo, conta 410, Acredores por IVE soportado, 414, Entes públicos acredores por recadación de recursos, a divisionaria da 416, polas ordes de pagamento non orzamentarias que están pendentes de pagamento, 419, Outros acredores non orzamentarios, 453, Entes Públicos por ingresos pendentes de liquidar, 456, Entes Públicos c/c en efectivo, 475, 476, saldos acredores de Administracións Públicas, 477, Facenda Pública IVE repercutido, 502, 507, 522 e 525 por empréstitos e Operacións de Tesourería, 560, 561, Fianzas e Depósitos recibidos a curto prazo.



Copia do documento - Concello de Vigo

435-143

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 15 de 27

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Minorados con:

- Saldos das contas 555 e 558.1, Pagamentos pendentes de aplicación e provisións para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación.

d) Axustes previstos na normativa reguladora das facendas locais:

O Remanente de Tesourería total, conformado polos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pagamento, será axustado por:

- Dereitos de difícil ou imposible recadación, segundo os criterios que a este respecto fixe a propia entidade, de acordo co establecido nos artigos 191.2 do TRLRFL e 103 do R.P., así como nas Bases de Execución do orzamento.
- Polo exceso de financiamento afectado.

O Remanente de Tesourería, unha vez así calculado, si resultase cun saldo "positivo", conforma o remanente líquido para gastos xerais, constituíndo un recurso para financiar modificacións de crédito no orzamento do exercicio seguinte (artigos. 177.4 e 182 do TRLRFL, e artigos. 36, 48 e 104.2 do RP).

Pola contra, no caso de Liquidación do orzamento con Remanente de Tesourería "negativo", o Pleno da Corporación deberá proceder, na primeira sesión que celebre con posterioridade á aprobación da liquidación orzamentaria, á redución de gastos no orzamento por unha contía igual ao déficit producido, e de non ser posible a redución do gasto, poderá concertar unha operación de crédito (nos termos e co quórum requirido polo artigo 177.5 do TRLRFL en relación co art. 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local) polo importe do Remanente de Tesourería negativo.

Os valores obtidos co cálculo do RT poden observarse de forma resumida no cadro seguinte:

	Concello de Vigo					
	31/12/25	31/12/24	31/12/23	31/12/22	31/12/21	31/12/20
1 Dereitos pendentes de cobro (+)	52.106.967,08	50.447.288,20	51.622.052,90	56.127.713,05	66.029.838,72	77.627.908,99
2 Obrigas pendentes de pago (-)	-24.901.557,25	-36.841.581,78	-25.816.972,69	-22.609.426,18	-27.310.488,15	-22.057.710,34
3 Fondos líquidos a fin de exercicio (+)	238.665.640,09	209.852.094,84	164.669.945,06	163.282.037,05	149.773.472,78	117.054.714,01



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 16 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

4	Partidas pendentes de aplicación (-)	-4.340.268,47	-3.676.164,31	-7.155.126,39	-3.334.640,47	-4.611.947,95	-4.432.788,91
5	Remanente de Tesourería Total (1-2+3-4)	261.530.781,45	219.781.636,95	183.319.898,88	193.465.683,45	183.880.875,40	168.192.123,75
6	Saldo de dudoso cobro (-)	-38.408.397,12	-36.596.338,42	-35.243.979,34	-40.858.475,15	-45.601.430,21	-48.050.268,87
7	Excesos de financiamento afectado (-)	-7.208.304,23	-9.961.574,83	-7.107.931,42	-4.428.307,82	-2.549.636,33	-203.689,78
8	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (5-6-7)	215.914.080,10	173.223.723,70	140.967.988,12	148.178.900,48	135.729.808,86	119.938.165,10

A magnitude do remanente de tesourería para gastos xerais do Concello de Vigo presenta un importe a 31/12/2025 de 215,91 millóns de euros, significativo dunha situación financeira moi saneada.

e) Axustes previstos na normativa sobre Estabilidade Orzamentaria:

O artigo 30 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, regula a información para remitir en relación ás liquidacións das entidades locais incluídas no artigo 4.1 do mesmo Regulamento establecendo, no seu apartado 1 letra f), que se deben incluír: "As obrigacións recoñecidas fronte a terceiros, vencidas, líquidas, e esixibles non imputadas ao orzamento"; por este motivo téñense que realizar sobre o Remanente de Tesourería para Gastos Xerais un axuste en negativo derivado do Saldo de obrigacións pendentes de Aplicar ao orzamento e do Saldo de Obrigacións por devolución de ingresos pendentes.

En efecto, aínda que segundo a Instrución vixente de Contabilidade para a Administración Local só son necesarios os axustes anteriormente mencionados, segundo criterio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o remanente de tesourería para gastos xerais debe axustarse co saldo das obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento ao 31 de decembro, e co saldo de acredores por devolución de ingresos ao final do período.

Consideramos que é moito máis conforme á realidade o remanente de tesourería con estes axustes porque non deixan de ser obrigacións pendentes de pago que non se recollen no Remanente de Tesourería e deberían recollese e minorar o citado remanente. Segundo a documentación e os estados contables que acompañan á liquidación, o importe das citadas magnitudes é o seguinte:

Saldo de acredores por devolución de ingresos a final de período	6.501,82
Saldo de obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento a final de período	1.420.034,69



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 17 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Total axustes normativa estabilidade

1.426.536,51

Por tanto, realizados os axustes anteriores, é dicir, descontando o importe de dubidoso cobro, o remanente de tesourería afectado, as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento e as devolucións de ingresos pendentes resulta un remanente de tesourería para gastos xerais positivo axustado de 214,5 millóns de euros.

Cuantificación dos saldos de dubidoso cobro.

O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece no seu artigo 191 que “A *cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando de acordo co que regulamentariamente se estableza os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación*”.

O artigo 193.bis do TRLHL, introducido polo número Uno do artigo segundo da Lei 27/2013, do 27 decembro, de racionalización e Sostibilidade da Administración Local sinala:

“As Entidades Locais deberán informar o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao seu Pleno, ou órgano equivalente, do resultado da aplicación dos criterios determinantes dos dereitos de difícil ou imposible recadación cos seguintes límites mínimos:

- a) *Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento.*
- b) *Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento.*
- c) *Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 75 por cento.*
- d) *Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán nun 100 por cento.”*

Segundo o art. 103 do RD 500/1990, os dereitos pendentes de cobro de difícil ou imposible recadación determinaranse, ben de forma individualizada, ben mediante a fixación dunha porcentaxe a tanto alzado, tendo en conta a antigüidade das débedas, o importe das mesmas, a natureza dos recursos de que se trate, as porcentaxes de recadación tanto en período voluntario como en vía executiva e demais criterios de valoración que de forma ponderado establézanse pola Entidade Local.

No caso de que, cos criterios para determinar os saldos de dubidoso cobro que se estableceron nas BEP, obtívésese un importe inferior ao que resulte de aplicar o artigo 193 bis do TRLHL aplicaríase este último. En caso contrario aplicarase o criterio fixado polo Pleno a través dos seus BEP.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 18 de 27

435-143

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Neste sentido, a base 54ª de execución dos orzamentos do Concello de Vigo dispón ao respecto:

Antigüidade	%	Anos	Capítulos
X=1	85,00 %	2024	1, 2, 3, 5
X=2	90,00 %	2023	Todos
X=3	95,00 %	2022	Todos
X>=4	100,00 %	2021 e ant.	Todos

Dispón a citada base que o exercicio corrente non será obxecto de dotación, xa que non ten a consideración de pechado, pero ademais, ao ser a maior parte dos ingresos pendentes de cobro do IBI e do IAE, e tendo o período de cobranza destes dous tributos no último cuadrimestre do ano, non se pode dicir, que teñan unha antigüidade suficiente como para ser obxecto de provisión algunha.

Conforme a estes criterios, o importe das cantidades que se consideran de dubidoso cobro ascende a un total de 38.408.397,12 euros, o que provoca unha minoración polo citado importe no Remanente de Tesourería Total para a determinación do Remanente de Tesourería Dispoñible para o Financiamento de Gastos Xerais. No seu conxunto, este importe supón considerar como de dubidoso cobro o 96,03% do importe total dos dereitos pendentes de cobro dos orzamentos pechados.

8. Nivelación Orzamentaria Interna.

8.1. Resultado de operacións correntes non financeiras.

Esta magnitude móstranos se os ingresos correntes son suficientes para facer fronte aos gastos correntes. Se non son suficientes expónse un problema engadido xa que os ingresos de capital están afectados os gastos de capital polo que non é posible desvialos para financiar gastos correntes. Esta magnitude ten por obxecto reflectir se se está producindo unha despatrimonialización da Entidade que se orixinaría se levase a cabo o financiamento de gastos correntes con ingresos de capital.

Deste xeito, se consideramos unicamente os recursos correntes non financeiros, tal e como podemos comprobar na táboa seguinte, os ingresos correntes non financeiros (capítulos I ao V), foron superiores as obrigas correntes non financeiras (capítulos I ao IV) en **57,87 millóns de euros**, que amosa a capacidade que ten a entidade co superávit corrente non financeiro para facer fronte a empregos de capital, tanto non financeiros (investimentos e transferencias de capital), como financeiros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 19 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

INGRESOS CORRENTES		GASTOS CORRENTES	
Cap.	DRN	Cap.	ORN
I	124.241.115,75	I	62.283.118,52
II	13.138.082,29	II	155.018.247,38
III	49.147.982,55	III	446.261,19
IV	126.557.027,29	IV	42.548.386,47
V	5.083.878,92		0,00
Total	318.168.086,80		260.296.013,56
RESULTADO DE OPERACIÓNS CORRENTES			57.872.073,24

8.2. Nivelación interna (deducidos ingresos correntes extraordinarios ou atípicos).

Ingresos ordinarios: Capítulos I, II, III, IV e V (Impostos directos, Impostos indirectos, Taxas e outros ingresos ,Transferencias correntes e Ingresos Patrimoniais).

Gastos ordinarios: Capítulos I (Gastos de Persoal), II (Gastos en bens correntes e servizos), III (gastos financeiros), IV (Transferencias correntes) e IX (Pasivos financeiros).

A comparación de ingresos e gastos "ordinarios", que se diferencia da clasificación orzamentaria de "correntes", pola exclusión, no capítulo III de ingresos, do importe das contribucións especiais (recurso tributario de natureza corrente que se atopa afecto legalmente a gastos de investimento) así como dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios, e a inclusión nos gastos, das amortizacións dos préstamos concertados coas entidades financeiras (capítulo IX de gastos), por ser gastos ordinarios, permite deducir se existe aforro, ou diferenza positiva entre recursos e gastos "permanentes", o que, indirectamente, reflexa se se cumpre "a afectación legal de recursos a gastos de investimento", cuxa comprobación derívase da confrontación dos ingresos e os gastos "extraordinarios" que se diferencian dos de "capital" da clasificación orzamentaria, pola inclusión e exclusión recíprocas sinaladas anteriormente, como se dixo, ao existir ingresos de contribucións especiais e obrigas derivadas de amortización de endebedamento, a nivelación interna non coincide co aforro neto legal e co aforro económico.

CÁLCULO DA NIVELACIÓN INTERNA

INFORME DE INTERVENCIÓN
LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ANO 2025

20



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 20 de 27

435-143

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULO	DEREITOS R. NETOS	CAPÍTULO	OBRIGAS R. NETAS
1	124.241.115,75	1	62.283.118,52
2	13.138.082,29	2	155.018.247,38
3	49.147.982,55	3	446.261,19
4	126.557.027,29	4	42.548.386,47
5	5.083.878,92	9	0,00
TOTAL INGRESOS CORRENTES	318.168.086,80	TOTAL CAP. 1,2,3,4,9	260.296.013,56
Contribucións especiais (35100)	-1.503.062,46		
Liquidación definitiva PTE 2023 (42011)	-7.648.649,56		
Ingreso bono 30% transporte urbano 2º semestre 2024 (42091)	-1.801.020,01		
Ingreso Xunta compensación canon SOGAMA (45001)	-1.317.862,02		
Proxecto ampliación recollida separada material orgánico (45062)	-1.595.041,52		
Proxecto separación e reciclaxe material orgánico (45063)	-447.120,00		
Convenio 2021-2024 cofinanciamento programa mellora firmes (46102)	-1.779.779,22		
Plan renovación firmes parroquias Deputación (46108)	-191.836,67		
TOTAL INGRESOS EXTRAORDINARIOS OU AFECTADOS OP. CAP.	-16.284.371,46		
RESULTADO NIVELACIÓN INTERNA			41.587.701,78

Esta táboa amosa realmente a capacidade que ten a entidade para facer fronte a gasto de capital non financeiro, xa que ten cuberto tódolos gastos correntes non financeiros máis as amortizacións dos pasivos financeiros, o que está a poñer de manifesto, que hai recursos por importe de 41,59 millóns de euros que, sendo recursos correntes non financeiros, poderían destinarse a empregos de capital non financeiros.

9. Indicadores máis relevantes.

Aos efectos de realizar os cálculos, segundo os datos do INE a poboación de Vigo a 1 de xaneiro do ano 2025 ascendía a 294.489 habitantes.



Copia do documento - Concello de Vigo

435-143

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 21 de 27

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Indicador	Periodo												
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Poboación	296.479	294.997	294.098	292.817	292.986	293.642	295.364	296.692	293.837	292.374	293.652	295.523	294.489
Ingresos tributarios por habitante D.R.N. (I,II,III/H)	524,39	527,89	529,77	546,07	558,18	551,68	572,96	556,39	577,85	578,31	576,61	612,17	633,39
Pres. Fiscal = (I+II+III-(art.35,36,38,39))/Nº Habitantes)	475,98	482,85	492,44	502,86	510,84	496,92	521,75	511,61	527,01	527,82	531,73	561,79	587,30
Gasto corrente por habitante (I,II,III,IV/H)	673,96	682,85	681,72	689,53	700,67	713,02	623,00	676,49	701,43	764,06	836,48	900,95	883,89
Esfuerzo inversor por habitante (G.cap.NF/H)	43,49	28,84	42,26	24,75	75,69	188,33	98,87	64,20	132,41	161,11	172,66	134,38	101,25
Carga financeira habitante (III,IX/H)	89,26	59,28	57,52	33,98	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Coeficiente endebedamento Lei Facendas Locais	16,66	11,50	4,26	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Débeda financeira por habitante	131,39	90,60	33,77	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Débeda orzamentaria habitante (obrigas orzamentarias/h)	59,67	70,19	51,66	49,24	51,30	40,67	42,40	23,60	39,61	19,56	29,76	30,28	26,35
Dependencia Financeira (IV,VII e IX Ingresos/Gasto total)	0,35	0,34	0,34	0,33	0,35	0,33	0,37	0,37	0,41	0,44	0,40	0,52	0,48
Autonomía (I,II,III,V,VI e VIII/DRNT)	0,96	0,67	0,67	0,69	0,68	0,67	0,65	0,68	0,63	0,59	0,59	0,54	0,58
Autonomía fiscal (I,II,III/DRNT)	0,64	0,66	0,66	0,68	0,67	0,62	0,64	0,60	0,57	0,53	0,53	0,47	0,51
Cobertura (Ingreso corrente/gasto corrente)	1,17	1,15	1,15	1,16	1,18	1,16	1,17	1,25	1,28	1,22	1,14	1,19	1,22
Financiamento (I a III, V ingresos/ Ingresos correntes)	0,68	0,68	0,68	0,69	0,67	0,66	0,68	0,68	0,65	0,63	0,62	0,59	0,60
Tesourería/Acredores orzam./non orzam. (liqui. inmediata)	2,68	2,46	2,84	3,15	3,35	2,76	3,12	5,31	5,70	7,25	6,38	5,69	9,58

10. Endebedamento: Cálculo do aforro neto legal a 31 de decembro.

Unha das magnitudes que a Lei de Facendas Locais ten en conta para que as entidades locais poidan realizar operacións de endebedamento é o aforro orzamentario neto, de modo que cando esta magnitude é positiva non fai falta que para concertar novas operacións de endebedamento a longo prazo sexa necesario obter a previa autorización da Comunidade Autónoma que exerza as competencias en materia de tutela financeira sobre as entidades locais.

A estes efectos, o artigo 53 do TRLRFL dispón que entenderase por aforro neto a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigacións recoñecidas polos capítulos uno, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 22 de 27

435-143

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. No aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos que fosen financiadas con remanente líquido de tesourería.

Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios. A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado (Disposición Adicional décimo cuarta do Real Decreto Lei 20/2011 do 30 de marzo, de Medidas Urxentes en Materia Orzamentaria, Tributaria e Financeira para a Corrección do Déficit Público, dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013).

AFORRO NETO LEGAL		
CAPÍTULO	DEREITOS R. NETOS	OBRIGAS R. NETAS
1	124.241.115,75	62.283.118,52
2	13.138.082,29	155.018.247,38
3	49.147.982,55	0,00
4	126.557.027,29	42.548.386,47
5	5.083.878,92	0,00
TOTAL	318.168.086,80	259.849.752,37
AFORRO BRUTO	58.318.334,43	
Contribucións especiais (35100)	-1.503.062,46	
Liquidación definitiva PTE 2023 (42011)	-7.648.649,56	
Ingreso bono 30% transporte urbano 2º semestre 2024 (42091)	-1.801.020,01	
Ingreso Xunta compensación canon SOGAMA (45001)	-1.317.862,02	
Proxecto ampliación recollida separada material orgánico (45062)	-1.595.041,52	
Proxecto separación e reciclaxe material orgánico (45063)	-447.120,00	
Convenio 2021-2024 cofinanciamento programa mellora firmes (46102)	-1.779.779,22	



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 23 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Plan renovación firmes parroquias Deputación (46108)	-191.836,67	
(+) Obrigas financiadas con RLT (*)		3.826.658,32
RESULTADO	45.860.621,29	
Anualidade teórica de amortización dos préstamos a longo prazo pendentes de reembolso e da operación proxectada	0,00	
AFORRO NETO	45.860.621,29	

(*) Dato incorporado no trámite 50 do expediente, en documento debidamente asinado polo responsable de contabilidade.

11. Evolución das magnitudes máis relevantes:

Magnitude	Período											
	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
Remanente de Tesourería Gastos Xerais	74.324.280,18	73.908.091,14	84.482.277,68	91.061.195,67	76.489.706,16	92.057.012,48	119.938.165,10	135.729.808,36	148.178.900,48	140.967.988,12	173.223.723,70	215.914.080,10
Aforro Neto Legal art. 53 LRFL	20.911.309,52	25.902.941,93	28.769.671,43	37.847.898,66	30.800.821,26	34.394.145,71	47.499.513,10	51.899.337,79	51.133.492,41	39.365.762,44	61.760.290,16	45.860.621,29
Resultado orzamentario	21.266.302,68	22.364.733,29	26.218.217,79	32.272.178,71	29.236.516,07	29.002.681,54	46.094.514,36	54.044.830,93	44.810.481,96	32.763.839,24	52.628.532,24	46.908.288,50
Estabilidade orzamentaria sen axustes	16.849.440,29	25.105.088,68	16.612.219,06	16.454.765,38	-2.101.795,41	18.050.760,35		30.408.105,92	22.474.105,22	-2.723.695,72	40.418.739,33	
Estabilidade orzamentaria con axustes	15.313.150,69	24.303.914,56	19.088.354,94	16.190.364,31	-3.741.475,63	19.194.092,00		28.816.415,05	5.827.448,05	6.225.402,72	49.306.960,19	
Regra de gasto (Teito Gasto - ORN)	8.453.478,57	0,00	6.214.956,09	319.163,79	-13.504.563,88	16.731.054,03	Suspendida	Suspendida	Suspendida	Suspendida	8.588.127,36	
Acredores pendentes de pagamento	33.023.991,37	26.871.670,40	27.900.746,12	28.399.940,87	28.467.165,33	26.151.554,50	22.057.710,34	27.310.488,15	22.609.426,18	25.816.972,69	36.891.258,73	24.901.557,25
Débeda viva bancaria	26.725.665,51	9.931.101,29	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Saldo MINHAP liquidacións negat. PIE	18.443.636,23	15.924.397,49	13.491.503,23	10.837.436,67	8.183.370,15	8.064.655,13	2.875.237,04	221.170,60	9.834.411,73	2.987.006,20	0,00	0,00
Dereitos pendentes de cobro	97.728.466,41	84.891.324,38	84.808.856,62	87.583.154,21	85.445.890,40	86.142.656,29	77.627.908,99	66.029.838,72	56.127.713,05	51.751.960,91	50.452.364,52	52.106.967,08
Tesourería	81.192.982,40	76.437.418,66	87.926.364,08	95.158.516,62	78.468.136,97	81.573.730,44	117.055.890,04	149.773.963,81	163.282.037,05	164.670.195,99	209.852.094,84	238.665.640,09
Autofinanciamento (IC + Icap.NF)-GC	30.186.126,21	36.184.623,77	48.044.367,48	38.777.680,90	50.183.906,88	47.254.519,98	52.460.049,84	65.992.665,36	68.826.261,07	47.978.863,69	80.130.109,78	72.920.212,55



Copia do documento - Concello de Vigo

435-143

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 24 de 27

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

12. Conclusións.

a) Conclusións de carácter formal e de procedemento.

- ✓ Como consecuencia da liquidación, pónense de manifesto os datos e determínanse as magnitudes esixidas pola normativa orzamentaria e contable de aplicación: Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago ao 31 de decembro, o resultado orzamentario do exercicio, os remanentes de crédito e o remanente de Tesourería.
- ✓ O resultado orzamentario do exercicio calculouse como a diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigacións orzamentarias recoñecidas durante o mesmo período, uns e outras en termos netos, axustándose en función das obrigacións financiadas con remanentes de Tesourería e das diferenzas de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectado.
- ✓ O Remanente de Tesourería atópase cuantificado conforme ao disposto na normativa orzamentaria e contable, téndose en conta os posibles ingresos afectados, e minorando os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación conforme aos criterios recollidos nas Bases de Execución do orzamento.
- ✓ A liquidación do orzamento tense confeccionado dentro do prazo establecido na lexislación reguladora das facendas locais, antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.
- ✓ Non resulta necesario adoptar ningunha das medidas correctoras previstas no artigo 193 do TRLRFL, xa que o remanente de tesourería obtido na liquidación non é negativo.
- ✓ A aprobación da liquidación do orzamento corresponde ao presidente da entidade local e, unha vez realizada a súa aprobación, da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre. Copia da liquidación dos seus orzamentos deberá remitirse á Administración do Estado e á comunidade autónoma antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

b) Conclusións de carácter orzamentario e financeiro.

- ✓ A liquidación orzamentaria do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2025, deducida da información e os estados contables incorporados polo responsable de contabilidade ao expediente 435-143 reflicte a obtención das seguintes magnitudes:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 25 de 27

435-143

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

Magnitude	Importe
Resultado orzamentario axustado	46.908.288,50
Saldo de operacións correntes (ingresos correntes – gastos correntes)	57.872.073,24
Saldo de operacións ordinarias - nivelación interna (ingresos correntes ordinarios – gastos correntes)	41.587.701,78
Saldo orzamentario de operacións non financeiras (ingresos non financeiros – gastos non financeiros)	43.104.640,81
Aforro Neto calculado conforme ao artigo 53 TRLRFL	45.860.621,29
Remanente de Tesourería Total	261.530.781,45
Exceso de financiamento afectado	7.208.304,23
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	215.914.080,10
Fondos líquidos	238.665.640,09
Obrigas pendentes de pagamento do orzamento corrente	7.758.200,22
Obrigas pendentes de pagamento dos orzamentos pechados	1.859,72
Obrigas pendentes de pagamento de operacións non orzamentarias	17.141.497,31

- ✓ A entidade conta no final do exercicio fiscalizado con fondos líquidos por importe de 238,66 millóns de euros, dereitos pendentes de cobro por 52,1 millóns de euros e obrigacións pendentes de pago por 24,9 millóns de euros, o cal indica que conta con liquidez suficiente para facer fronte a curto prazo ao seu pasivo corrente.
- ✓ Tendo en conta que o Remanente de Tesourería é un indicador que reflicte a situación de liquidez da entidade ao peche do exercicio, o Concello de Vigo conta cunha moi elevada solvencia financeira a curto prazo.
- ✓ A liquidación dos orzamentos do exercicio 2025 das entidades que están dentro do sector AA.PP. da Corporación Local bota un superávit, en termos de capacidade de financiamento SEC 2010, de 35.530.899,05 euros.
- ✓ O Concello de Vigo cumpre co límite de débeda establecido no artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, sendo o coeficiente de endebedamento do 0,0 %. O cociente débeda financeira por habitante sitúase en 0,00 €/habitante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 19:17	Páxina 26 de 27
435-143	CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Intervención Xeral
Tfn. 986 810 130
ofi.intervencion@vigo.org

✓ O período medio de pagamento é inferior ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores.

O interventor xeral municipal,
Asdo. Alberto Escariz Couso
Documento asinado electrónicamente



Copia do documento - Concello de Vigo

435-143

Data impresión: 22/02/2026 19:17

Páxina 27 de 27

CSV: A5B2A1-2E315B-E7A4C7-5X3Q1D-S58X7G-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>